

A xornada de literatura oral de Lugo achégase hoxe ás mulleres

► Anxos Sumai, Camiño Noia, Faia Díaz ou Estefanía Lodeiro darán algúns dos relatorios

RUTH LÓPEZ

▲ cultura@elprogreso.es

LUGO. Princesas e labregas, mulligas e sanadoras contra a orde patriarcal, a muller imaxinada e a muller de carne e óso, o feminino na fantasía e na realidade e as mulleres no wolframio en Galicia durante a Segunda Guerra Mundial son algúns dos asuntos que abordará hoxe a Xornada de Tradición Oral da Asociación de Escritoras

res e Escritoras en Lingua Galega (AELG), que se celebrará desde as 10.15 horas e durante todo o día na Deputación de Lugo.

Escritoras e investigadoras como Camiño Noia, Anxos Sumai, Estefanía Lodeiro, Faia Díaz participarán nun programa coordinado por Antonio Reigosa e Lois Pérez e que contará cunha sesión práctica de regueifas con Alba María e Lupe Blanco. A entrada é libre ata

completar o aforo.

«Esa metade da humanidade que corresponde ao xénero femino adoita aparecer nos documentos subordinada ao masculino; por tanto, subordinada ao poder político e relixioso, sen ou con escasa liberdade de decisión ou de acción, confinada a funcións subalternas que se reflictan en todas as formas de transmisión de valores e de coñecementos. Tamén os diferentes xéneros da literatura oral proxectan ese papel secundario da muller, esa imaxe de ser dependente cando non reprobábel se non se comporta consonte o canon imperante», explican os organizadores para argumentar a pertinencia desta sesión.

«Para recuperar, pero sobre todo para actualizar ese saber herdado, cos coñecementos e investigacións de recoñecidas especialistas na materia, propoñemos unha reflexión crítica ao conxunto da sociedade sobre o rol tradicional da muller na nosa cultura popular», conclúen.

A AELG realiza a xornada coa axuda da Deputación de Lugo.